

QUEDA INAUGURADO...

por Víctor Caamaño Rivas

¿Coñeces aquela historia bíblica que conta como Deus estivo traballando 6 días na construción do noso Mundo? De seguro que a todos vos sona. É un relato concreto e sinxelo, feito para xente sinxela. Máis ou menos, a historia remataba dicindo que despois de tanto traballar, Deus adicou o sétimo día a descansar, o que semella unha sabia e lóxica decisión.

Conforme a nosa sociedade foi avanzando, este relato sobre a "creación" parece que vai perdendo a súa vixencia; quizais habería que actualizalo. Un deus moderno e actual, máis traballador e competitivo, socialdemócrata e liberal, debería utilizar o sétimo día para inaugurar a súa grande obra. Estaría no seu dereito, perténcelle. E no suposto que fixera isto, nós non poderíamos pór ningunha obxeción, aínda que agora toda a historia sonara un pouco ridícula.

E pensaredes: ¿por que nos conta todo isto? Pois ben, para aclarar un pouco a situación direivos que no ano 1992, marcheime a vivir a Corcubión por motivos de traballo. Nos tres curtos anos que durou o meu doce desterro tiven a oportunidade de deleitarme coa grandeza salvaxe das paisaxes do "Fin da Terra". Tiven a oportunidade de sentirme pequeno e insignificante no Monte Pindo, na Praia do Rostro, no Cabo Fisterra, na Praia de Carnota... Tiven a oportunidade de experimentar que a natureza, na súa grandeza, non necesita da especie humana; somos nós os que a necesitamos para expresar os nosos mellores sentimentos.

Unhas das imaxes que non se borrarán da miña retina son as da primeira visita ó Ézaro. A impresionante gran montaña de granito rosa e os enormes tubos metálicos baixando por ela, as vistas desde o mirador, o canón e o que noutros tempos fora a ferveza do Xallas. Moitos sentimentos contrapostos;



González Gallego, en *A natureza ameazada* (Consello da Cultura Galega, Varios autores, Santiago 1989).

cando unha paisaxe resulta sublime, as aberracións feitas polo ser humano resultan todavía máis aberrantes se cabe. Transcorría o ano 92, cando vin aqueles tubos cortando a montaña e a ferveza que xa non o era. Pensei que todo isto fora o resultado de nefastas actuacións do pasado, do pasado lonxano; da época de Franco ou incluso anterior. A miña cabeza non era capaz de asimilar que unha actuación deste tipo, tan lesiva e destructora da natureza máis sublime poidera terse realizado en plenos anos 90,

entrando xa no século XXI. E parece que a miña cabeza tiña parte de razón, pois as obras que destruíran a desembocadura en ferveza do río Xallas non se realizaron na década dos 90, senón no ano 1988. Nese ano, a Xunta e Carburos Metálicos (agora chamada Ferroatlántica), inauguraron o encoro que significou a destrución do único río de Europa que desembocaba formando unha ferveza. Non se pode xustificar esta obra como de interese xeral, pois é o terceiro encoro que soporta o río Xallas. E tamén é o encoro máis destrutivo; o Xallas xa non é un río, non ten desembocadura. O ser humano non ten autoridade moral nin xustificacións de interese xeral para destruír un río, pero faíno.

No mes de agosto do verán pasado, Manuel Fraga e Juan Miguel Villar Mir, presidente de Ferroatlántica, inauguraron a ferveza do Xallas; icomo se a fixeran eles! ¿pensarán que somos imbéciles?, ¿somos imbéciles? Ó acto inaugural acudiu moita xente. Gracias a estes dous personaxes, os domingos dos meses de xullo e agosto, de 12 a 2 h da tarde, o río Xallas voltará a ser un río.

Proximamente está prevista a construción de catro novas mini-centrais no que queda de río.

¿Vedes algunha diferenza entre Deus e Fraga?



